**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Asociación Amigos da Ópera de Vigo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Amigos da Ópera de Vigo para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades polo limitado do xénero operístico na Comunidade Autónoma. Son poucos os festivais de ópera que se celebran no seo da Comunidade Autónoma e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades colaborará no financiamento de todos os que se celebren. É a Asociación Amigos da Ópera de Vigo, a encargada de levar a cabo unha oferta variada e de calidade que permita o achegamento de tódolos públicos ao xénero lírico.*

*Por todo o anterior é a Asociación Amigos da Ópera de Vigo, a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos

CVE: qgyfQsZ9K1d1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

**Asinado por:** LORENZO SUÁREZ, ANXO MANUEL
**Cargo:** Director Xeral de Cultura
**Data e hora:** 24/05/2023 14:56:10

**CVE:** qgyfQsZ9K1d1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve